

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 24/05/2022.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro
D. Luis Angel Díaz González.
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de maio de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.-. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA SESIÓN DO PLENO DE 24.05.2022.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA SESIÓN DO PLENO DE 24.05.2022.

Expediente: 2022/G006/000127

Tendo en conta o correo electrónico da FEMP de data 17.05.2022 no que se informa a este concello da próxima publicación da convocatoria de axudas destinadas, unicamente a



Entidades Locais adheridas á Red Española de Ciudades Saludables, na que se prevé a execución de proxectos de interese para o Concello de Pontedeume, como poden ser:

“Infraestructuras para la realización de actividad física al aire libre, tanto funcional como recreativa.

Infraestructuras de fomento del uso de la bicicleta que, en ningún caso, mermen el espacio destinado al uso peatonal.

Rutas o circuitos saludables, seguros y accesibles.

Inversiones asimilables de creación de espacios saludables que potencien la actividad física y la salud, así como actuaciones de reorganización del reparto del espacio público a favor de caminar e ir en bicicleta y en detrimento del vehículo motorizado privado. Entre estas inversiones se encuentran la ampliación de aceras, disposición de vallas, la creación de zonas de juego al aire libre, caminos escolares seguros u otras actuaciones enmarcadas en el urbanismo táctico.

Actuaciones para la promoción de estilos de vida saludables en la infancia y la adolescencia, como el diseño de itinerarios seguros a pie y en bicicleta, la creación de espacios peatonales y de juego activo seguro o el calmado de tráfico en los alrededores de centros escolares.”

Tendo en conta os prazos para a efectiva tramitación da adhesión, logo da adopción do acordo por parte do Concello de Pontedeume e que a non adhesión en tempo, implicaría a perda da opción a participar na dita liña de axudas, o que provocaría un prexuízo ao interese público municipal.

Esta Alcaldía Presidencia **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 24.05.2022.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES”

D. Bernardo Fernández, Alcalde-Presidente, explica que a urxencia ven motivada porque o día 25 de maio, remata o prazo para adhesión do concello á “Red Española de Ciudades Saludables”, non sendo posible levar a proposta ao Pleno anterior debido a un fallo dos ordenadores do concello, motivado por un apagón da empresa subministradora da enerxía eléctrica.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 24.05.2022.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á "RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES."

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME Á "RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES"

Expediente: 2022/A006/000008

A rede Española de Cidades Saludables (RECS) é unha sección da Federación Española de Municipios e Provincias, cuxo obxectivo é fomentar o Proxecto da Organización Mundial da Saúde "Cidades Saludables".

O ámbito de actividade céntrase na educación e promoción da saúde, e a prevención das enfermidades. A RECS é o foro de comunicación, coñecementos e experiencias no ámbito da saúde pública das Corporacións Locais españolas, a máis diso é o foro de impulso das actuacións conxuntas nacionais programadas en saúde pública local

Tendo en conta as competencias municipais recollidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Régimen Local, en concreto a prevista no artigo 25.2 j) en canto á protección da salubridade pública, entre outras, que permiten que a administración local colabore de forma directa no fomento dos hábitos de vida saludable da cidadanía.

Tendo en conta que xa por acordo do Pleno ordinario do pasado día 31 de marzo de 2022, deuse, entre outros aprobación do plan municipal do concello de ponte deume para a implementación dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) no que redunda esta Rede polos seus obxectivos.

Tendo en conta o proxecto "Healthy Cities", da Organización Mundial da Saúde.

Co obxectivo de buscar mellorar o benestar e o medio ambiente físico, mental e social da cidadanía, actualmente, 296 entidades locais están asociadas á Rede Española de Cidades Saudables, de ahí o interese do concello de Ponte deume en formar parte desta Rede

A Rede, entre os seus obxectivos principais, busca mellorar os hábitos alimenticios, fomentar a práctica de actividade física, previr a obesidade, reducir o consumo de tabaco, alcol ou calquera tipo de substancias adictivas, impulsar medidas que contribúan a propiciar un envellecemento activo e saudable e fomentar a saúde e o desenvolvemento sostible.

A adhesión á RECS supón o acceso a información, formación, apoio técnico e económico para proxectos e actividades en saúde urbana e desenvolvemento sostible, a participación en actividades que teñan como fin o coñecemento e intercambio de experiencias municipais en saúde e desenvolvemento sostible e o apoio para a elaboración tanto de programas e actividades de saúde como do Plan Municipal de Saúde.

Con esta adhesión á Rede de Cidades Saudables, o concello de Ponte deume, a través da súa concellería de Sanidade, dá un paso máis no seu compromiso de traballar a promoción da saúde e que esta se integre nas políticas e accións do consistorio co fin de potenciar o



desenvolvemento de hábitos e estilos de vida saudables, o envellecemento saudable, a equidade e a saúde en todas as políticas sociais e contribuír ao benestar físico e emocional das e os veciños do municipio.

Dentro desta finalidade que incide directamente na vida dos nosos veciños, o concello de Pontedeume amosa o seu compromiso coa promoción da saúde, e o interese por formar parte da Rede Española de Cidades Saludables (RECS), da FEMP, cumprindo cos seus obxetivos e compartindo os fins do proxecto.

Logo de ver as normas de organización e funcionamento da Red/ Sección Red Española de Cidades Saludables, en adelante RECS, agrupación de cidades pertencentes á FEMP.

*Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Pontedeume, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- *A Adhesión do Concello de Pontedeume á “Red Española de Cidades Saludables (RECS)”.*

SEGUNDO.- *Aceptar as normas de funcionamento e organización da Red Española de Cidades Saludables, que constan no expediente.*

TERCEIRO.- *Declarar o compromiso do Concello de Pontedeume a elaborar unha análise de situación e un plan de saúde para o Concello.*

CUARTO.- *Designar como persoas interlocutoras ante a sección a Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Sanidade, Igualdade e Parques e Xardíns, e como persoal técnico a Dna. Ángeles Castro Díaz.*

QUINTO.- *Dar traslado do presente acordo á FEMP así como aos departamentos municipais afectados, aos efectos oportunos.*

Asinado dixitalmente polo Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Joshua Dopico**, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, explica que esta liña de axudas permite optar aos fondos do “Next Generation” ca implantación de medidas que melloren a vida dos cidadáns de Pontedeume, ven mediante a creación de espazos deportivos ao aire libre, novas infraestruturas ou zoas verdes que potencien a actividade física e a saúde.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde-Presidente, afirma que é unha cuestión bastante transversal, a adhesión do concello permite acceder a liñas de axudas, como ás de “Next Generation”, é unha forma de ter acceso a máis achegas económicas, sobre todo do IDAE. De seguido comenta, que a través do Plan de Promoción Turística do Ministerio, o concello ten concedida unha subvención que está pendente da transferencia de fondos por parte da Xunta de Galicia.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, concelleiro do Partido Popular, comenta que no artigo 14 das normas de funcionamento e organización da “Red española de cidades saludables”, establécese que os socios terán que pagar unhas cotas, pregunta cal é o importe de ditas cotas?, e cal é a súa periodicidade?. As cuestións son aclaradas pola Secretaria municipal.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, indica que en un tema coma este, con pouca carga ideolóxica, están desexando votar a favor, pero sen embargo absteranse, debido a que non se pode esperar a facer as cousas o último día.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, afirma que o concello fai moitas cousas, e as veces é imposible chegar a tempo a todas, se o prazo acaba, non existe outra forma de facelo. Di que é unha cuestión bastante pragmática, sen contido ideolóxico, de todos modos respeta a súa opinión. Finalmente recorda aos presentes, que o próximo Pleno será presencial.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; **2 abstencións** das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- A Adhesión do Concello de Ponte deume á “Red Española de Ciudades Saludables (RECS)”.

SEGUNDO.- Aceptar as normas de funcionamento e organización da Red Española de Ciudades Saludables, que constan no expediente.

TERCEIRO.- Declarar o compromiso do Concello de Ponte deume a elaborar unha análise de situación e un plan de saúde para o Concello.

CUARTO.- Designar como persoas interlocutoras ante a sección a Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Sanidade, Igualdade e Parques e Xardíns, e como persoal técnico a Dna. Ángeles Castro Díaz.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo á FEMP así como aos departamentos municipais afectados, aos efectos oportunos.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e tres minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 30/06/2022, segundo o borrador asinado o día 16/06/2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

